

# O QUE PASABA EN 1988

## NO MUNDO:

Irán e Iraq asinan o armisticio despois de oito anos de guerra.



Estados Unidos abandona as bases aéreas, pero seguirá controlando a de Rota e a de Morón.

Gorbachov asume todos os poderes na Unión Soviética.

O pobo chileno vota contra a permanencia de Pinochet no poder.


O tenente coronel Aldo Rico encabeza un alzamento militar en Arxentina.

O Vaticano excomunga ao arcebispo francés Lefebvre e confirmase o cisma de Econe.

Un incendio arrasa o barrio lisboeta do Chiado, construído no século XVIII.

Inaugúrase en Xapón o túnel submarino máis longo do mundo. Mide 53,9 km de longo e está situado a 100 m debaixo do mar.

## EN GALICIA:



A morte do paraplégico Sampedro provoca un profundo debate social sobre a eutanasia.

O barco Casón, cargado con produtos químicos embarranca na praia do Rostro, Fisterra, o que provoca unha alarma social e o desprazamento da

poboación das vilas de Fisterra, Corcubión e Cee. Morren 23 tripulantes.

V encontro dos escritores galegos, bascos e cataláns nun novo Galeuzca.

Carlos Reigosa publica "O misterio do barco perdido".

O día das letras é adicado a Ramón Otero Pedrayo.



## EN ESPAÑA:




O paro en España supera por primeira vez na historia os tres millóns de desempregados.

Todos os partidos democráticos do País Vasco asinan o pacto de Ajuria Enea.

O ciclista Pedro Delgado é o terceiro español que gaña o Tour de Francia.

Membros do Consello Superior de Investigacións Científicas instalan na Antártida a primeira base permanente española.

USA abandona as bases aéreas, agás a de Rota e Morón.



## EN ELVIÑA:

### Curso 88-89

Créanse diversos Obradoiros de Teatro para traballar en efectos luminotécnicos, vestuario escénico, son e efectos especiais, maquillaxe e expresión corporal.

Constrúese o pavillón polideportivo ao lado do Instituto.

Os alumnos participan este curso en diversas actividades Realízanse entre outras: teatro, kárate, xadrez, fotografía, manualidades, vídeo, informática (iniciación e perfeccionamento) e clases de alemán.

Os departamentos realizan 17 excursións pola cidade ou por outros puntos da nosa xeografía; os titores, por outra banda, organizan 12 viaxes de convivencia cos seus grupos. O Departamento de Francés leva os seus alumnos a Francia e a Vicedirección organiza para os de COU a viaxe de fin de bacharelato a Palma de Mallorca.

A coral polifónica "El Eco" e a agrupación musical "Albeniz" mostran a súa arte no Instituto, nunha aplaudida actuación.

Celso Ferreiro diserta sobre os montes galegos. Tamén se organizan varias charlas de orientación profesional para os alumnos de COU.

Iníciase o deseño do xardín do Instituto, coa participación de 161 alumnos. Plántase un castiñeiro.

Iníciase a 1ª campaña de limpeza no Centro.

